



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

Expediente nº 2018/E001/00013

DECRETO DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE RÉXIME INTERNO E RECURSOS HUMANOS

ANTECEDENTES DE FEITO

Mediante o Decreto 2009/2018, do 4 de decembro, aprobouse a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo para a constitución e funcionamento dunha lista de espera de administrativo/a, segundo a convocatoria e bases publicadas no BOP nº 214, do 9 de novembro.

Na indicada resolución designáronse os membros do tribunal e convocouse aos aspirantes para a realización do primeiro exercicio no lugar, día e hora que se sinalou.

Un aspirante que tiña presentada a súa solicitude en prazo hábil non aparece na relación, polo que procede ditar unha nova resolución, corrixindo o erro por omisión e incluíndoo na lista definitiva de aspirantes admitidos.

Nos antecedentes do citado decreto efectuouse una referencia errónea ao nº do BOP no que se publicaron as bases e a convocatoria, polo que, igualmente, procede a súa emenda.

FUNDAMENTOS LEGAIS

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) establece que estas poderán rectificar, en calquera momento, de oficio ou por solicitude dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos .

A competencia para ditar a presente resolución, orixinariamente atribuída á Alcaldía polo artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, foi delegada no concelleiro-delegado da Área de Réxime Interno e Recursos Humanos mediante o Decreto da Alcaldía nº 1251/2015, do 3 de xullo (BOP nº 130, do 13/07/2015), complementado polo Decreto 2438/2015, do 23 de decembro (BOP nº 11, do 19/01/2010).

Por iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

1. Corrixir os erros observados no Decreto 2009/2018, do 4 de decembro, nos seguintes termos:

1º) Nos antecedentes de feito, na primeira alínea,

Onde di:

“...(BOP nº 2014, do 9 de novembro)...”;

Debe dicir:

“...(BOP nº 214, do 09/11/2018)...”



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

2º) Na letra a) do apartado 1º) da parte dispositiva, ao final da relación de aspirantes admitidos inclúese ao aspirante que se indica co número de orde que se sinala a continuación

“70. DIEGO GARCÍA BECEIRO”

2. Publicar a presente resolución na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

As Pontes de García Rodríguez

FIRMADO POR José Alén Álvarez (FECHA: 10/12/2018) , Adrián Márquez Caramés (FECHA: 10/12/2018)

Decreto Número: 2027/2018 - Fecha de decreto: 10/12/2018
Versión imprimible

CVD: lNwP4ro5DqFQoxHAUIj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.